

BASES DO CONCURSO DE FUNGOS E COGOMELOS

Domingo 2 de novembro 2025

O Concurso de Fungos de As Pontes de García Rodríguez está promovido pola asociación micolóxica Poupariña coa colaboración de Cohempo. Este concurso realizase co desexo de fomentar a afección á micoloxía e contribuír á difusión e coñecemento das especies micolóxicas do territorio.

CLÁUSULAS

1ª Para concursar deberán presentarse exemplares dun mínimo de 10 especies distintas de cogomelos silvestres. Non se empregarán especies protexidas.

Para participar na categoría absoluta a idade mínima será 18 anos.

Para participar na categoría xuvenil a idade mínima será 18 anos e a máxima será de 25 anos.

A idade máxima para participar na categoría promesa será de 18 anos.

As idades acreditaranse presentando o DNI

Cada persoa só poderá participar cunha cesta. Cada participante poderá inscribirse na categoría que desexe, tendo en conta a normativa que se especifica nestas bases. As persoas inscritas no concurso só poderán participar nunha categoría (ningún participante poderá inscribirse nin participar en máis dunha categoría).

2ª O xurado estará formado por persoas entendidas na materia que valorarán a clasificación, estado de conservación e variedade das especies presentadas. Ademais no premio especial atenderase á creatividade e orixinalidade na presentación así como aos exemplares pouco comúns da proposta.

3ª A inscrición e presentación a concurso será dende as 09.00 h ata as 10.30 h na carpa instalada na Praza de América, a partir desta hora, momento no que o xurado comezará a facer a valoración das cestas, non se admitirán máis participantes.

As persoas de idade menos de 18 anos deberán inscribirse coa conformidade dun pai, nai ou titor/a.

Para a admisión de inscricións terase en conta a adaptación á infraestrutura e xestión da feira, polo que no caso de que o número de participantes sexa superior ás prazas dispoñibles, a selección das cestas participantes farase por orde de inscrición.

Todo os participantes recibirán como agasallo un mandil conmemorativo de Terra de Cogomelos.

4ª As persoas concursantes deberán manter a súa exposición particular ata polo menos as 14.00 h, procedendo seguidamente a retirar os exemplares. Desde o momento de presentación da cesta ata a total recollida da mesma a persoa concursante será responsable do contido da mesma.

5ª O xurado resérvase o dereito de declarar deserto algún dos premios e as súas decisións serán inapelables. Ante posibles dúbidas na interpretación destas bases prevalecerá o criterio do xurado. A participación neste concurso implica a aceptación das bases.

6ª Establécense os seguintes premios (podendo declararse deserto algún deles):

CATEGORÍA ABSOLUTA

PREMIO	Desde os 18 anos
1º	350,00 €
2º	200,00 €
3º	150,00 €
4º	100,00 €
5º	75,00 €

*As persoas premiadas poderán elixir entre recibir un cheque bancario ou un vale para trocar no comercio e hostalería local.

CATEGORÍA XUVENIL

PREMIO	18-25 anos
1º	150,00 €
2º	75,00 €
3º	30,00 €

PREMIO ESPECIAL: 350,00 euros. Nesta categoría valoraranse todas as inscricións presentadas.

*As persoas premiadas poderán elixir entre recibir un cheque bancario ou un vale para trocar no comercio e hostalería local.

PREMIO PROMESA: vale de 150,00 euros para trocar no comercio local.

*As persoas participantes que resulten premiadas recibirán na entrega dos premios un vale polo valor do premio

7ª Os premios maiores de 300,00€ recibidos estarán suxeitos á retención de IRPF de acordo coa lexislación vixente.

